

O REXURDIMENTO

María Xesús Lama

Unha iniciativa de



co apoio de



1. Os inicios do Rexurdimento

O século XIX representa un momento decisivo para a cultura galega pois é daquela cando, no marco das revoltas provincialistas, unha elite intelectual en Galicia, alarmada polas difíciles condicións económicas que sumen unha grande parte da poboación do país na loita permanente pola supervivencia, inicia unha campaña de protestas e reivindicacións co obxectivo ilustrado de defender a causa do pobo. Nun país onde eles observan un contorno rico en recursos naturais, a miseria na que vivía a maioría da poboación só podían entendela como consecuencia dun mal goberno e chegan a unha rápida conclusión: a distancia co centro do poder político e a consecuente ignorancia da realidade específica de Galicia imposibilita o bo goberno. Pero tamén chaman a atención sobre as causas históricas que levan as elites sociais galegas a fuxir das súas orixes imantadas polo centro de poder, en busca de favores da corte ou de cargos políticos no goberno, e que forxaron unha mentalidade baseada no instinto de supervivencia individual e a resignación, allea a calquera signo de cohesión colectiva.

Xa que logo, faise urxente pasar á acción en busca dalgunha vía de solución aos graves problemas sociais e económicos de Galicia. Con este obxectivo aparece na vida pública o primeiro grupo de provincialistas na década de 1840. Difunden as súas ideas a través de órganos de prensa liberal dos que, en moitas ocasións, son fundadores, impulsores e redactores, creando un estado de opinión que vai facer posible o Rexurdimento literario que protagonizará a xeración seguinte. Nun contexto marcado polas revoltas de carácter nacionalista e liberal que axitaran Europa arredor de 1820 e 1830, os provincialistas propugnan a necesidade de achegar o poder político ao pobo e reivindican unha certa capacidade de autogoberno. Agora ben, a lexitimación política das súas aspiracións búscana partindo da teoría romántica da identidade cultural, polo cal estas reivindicacións políticas tiveron importantes consecuencias no eido da cultura. A necesidade de definir unha identidade cultural galega diferenciada leva á reflexión sobre o que é a cultura galega, por iso xorde un interese crecente pola cultura popular, as tradicións, a historia, o patrimonio arquitectónico, a lingua, etc.

Os personaxes máis destacados deste primeiro grupo de provincialistas conflúen en Santiago arredor da Academia Literaria e entre eles encontramos a Francisco Añón (1812-78), Xosé María Posada (1817-86), Antonio Neira de Mosquera (1818-53), José Rúa Figueroa (1820-55),

Alberto Camino (1821-61), Antonio Romero Ortíz (1822-84), e Antolín Faraldo (1823-53) entre outros. Os seus nomes aparecen en xornais como *El Idólatra de Galicia*, *Revista de Galicia*, *El Recreo Compostelano* (dirixido por Neira de Mosquera), *La situación de Galicia*, *La Aurora de Galicia* (fundado por Posada, quen anos máis tarde fundaría tamén *El faro de Vigo*) ou *El Porvenir* (revista dirixida por Faraldo, que a fundara con Rúa Figueroa e Romero Ortiz, editores tamén do avanzado xornal satírico *Santiago y a ellos*).

O grupo provincialista apoia a revolta liberal de 1846, que se inicia co levantamento de Solís en Lugo, pero as ilusións apenas duran tres semanas: a revolta é sufocada e os líderes militares fusilados en Carral. Antolín Faraldo foi secretario da Xunta Superior do Reino de Galicia, que se constituíra como consecuencia da revolta, e participou na redacción da súa proclama, que recolle unha clara declaración de principios provincialistas:

Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en una verdadera colonia de la corte, va a levantarse de su humillación y abatimiento. Esta Junta, amiga sincera del país, se consagrará constantemente a engrandecer el antiguo reino de Galicia dando provechosa dirección a los numerosos elementos que atesora en su seno, levantando los cimientos de un porvenir de gloria.

Faraldo convértese no máis destacado do grupo polos seus artigos sobre a historia de Galicia, e sobre literatura (co título “Nuestra bandera literaria” publica dous artigos que constitúen o primeiro manifesto artístico galego), así como pola súa formulación duns obxectivos políticos. Foi considerado por Murguía “o primeiro e o mellor”, seguramente porque a través dos seus artigos fixo por primeira vez unha proposta ideolóxica estruturada do galeguismo que serviría de base para as seguintes xeracións.

Como literatos, en cambio, adquiren maior significación escritores como Francisco Añón e Alberto Camino. Figuras senlleiras que realizaron importantes contribucións á literatura galega foron tamén Marcial Valladares (1821-1903), Xosé Bieito Amado (1822-86) e, sobre todo, Xoán Manuel Pintos (1811-76), autor de *A gaita galega* (1853), unha miscelánea na que alterna o galego e o castelán, a prosa e o verso, o diálogo didáctico e os discursos, co obxectivo xeral de facer unha apoloxía de Galicia e da súa lingua.

A derrota da revolta de 1846 supuxo a desfeita do grupo provincialista, xa que moitos tiveron que marchar ao exilio e outros quedaron silenciados e dispersos fóra de Galicia, e só na década seguinte, aproveitando o bienio progresista de 1854-56, puido volveuse organizar a mocidade para formar o segundo grupo provincialista, que se vai incorporar máis tarde no Rexionalismo. Moitos deles participarían nas actividades do Liceo de la Juventud de Compostela, por onde pasaron Manuel Murguía, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, xunto con Aurelio Aguirre, os irmáns Rodríguez Seoane e tantos outros. Precisamente Pondal e Aguirre son os organizadores dun acto simbólico de homenaxe aos provincialistas da xeración anterior coñecido como o Banquete de Conxo, un acto de solidariedade entre estudantes e obreiros que se celebra para conmemorar o décimo aniversario do fusilamento dos mártires de Carral. Algúns destes mozos galeguistas intégranse nas empresas dos máis novos da xeración anterior, como Benito Vicetto e os irmáns De la Iglesia. Vicetto (1824-78), autor dunha serie de novelas en castelán que recrean episodios da historia de Galicia e posteriormente redactor dunha *Historia de Galicia* en sete volumes (1865-74), dirixe na Coruña durante o bienio liberal *El clamor de Galicia* que dá voz ás ideas provincialistas. Outros periódicos importantes do momento son *El defensor de Galicia*, dirixido por R. Puente y Brañas, e *La Oliva* e o seu sucesor *El Miño*, dirixido por Juan Compañel en Vigo. Os irmáns Antonio (1822-92) e Francisco María de la Iglesia (1827-97) fundaron un pouco máis tarde a revista *Galicia. Revista universal de este reino* (A Coruña 1860-65) e Antonio vai ser o editor do *Álbum de la Caridad* (1862), onde se recollen os resultados dos primeiros Xogos Florais celebrados na Coruña o ano anterior, xunto cunha antoloxía de poesía galega que inclúe composicións en galego e castelán.

2. Tempos do Rexurdimento

Na nova xeración de intelectuais e estudosos de Galicia destaca o polígrafo Manuel Murguía, autor dunha *Historia de Galicia* que se publicou en cinco volumes entre 1865 e 1911. El é quen formula as bases teóricas do galeguismo dende unha ideoloxía liberal democrática, e ao mesmo tempo vai ser un impulsor do Rexurdimento literario cos seus estudos e propostas arredor da literatura galega e a súa defensa da lingua galega como vehículo máis axeitado para unha literatura propia.

No medio de todo este ambiente de reivindicación de dereitos para Galicia e de conciencia da necesidade de contribuír á construción do país dende o eido cultural, xorde a obra das tres grandes figuras do

Rexurdimento: Rosalía de Castro (1837-85), Eduardo Pondal (1835-1917) e Manuel Curros Enríquez (1851-1908). Os tres grandes poetas, aos que se engade o xornalista e literato Valentín Lamas Carvajal (1849-1906), sobrancean entre unha fértil xeración de estudosos e creadores que conforman todo o tecido que fai posible realmente o Rexurdimento.

2.1. Rosalía de Castro (1837-1885)

Á literatura galega cábelles a honra de ter como símbolo do inicio da súa andaina contemporánea unha muller, pois a data de publicación do primeiro libro de poemas galegos de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos* (1863), acostuma sinalarse como fito que marca o inicio do Rexurdimento. E certamente este libro recolle de maneira efectiva as esencias dos ideais galeguistas que fervían na sociedade do momento e dálles forma literaria de xeito admirable. Esas esencias pódense resumir en dous trazos fundamentais: o desexo de defender e dignificar a imaxe de Galicia fronte aos tópicos desvalorizadores a través dos cales se contempla desde o resto de España, e a reivindicación da cultura popular como reflexo dese “espírito do pobo” que os románticos definiran como elemento básico na configuración das nacións. Estes son os obxectivos que a autora expón no seu prólogo e, neste senso, *Cantares Gallegos* é un produto moi ben logrado. Para loitar contra a imaxe negativa de Galicia no resto de España, seguramente en parte propiciada pola baixa condición social dos postos de traballo que desempeñan moitos galegos obrigados a emigrar en busca de sustento, Rosalía escolle dar voz a esa mesma xente do común que loita a diario pola supervivencia e mostralo de xeito directo para que se poida apreciar a delicadeza da súa sensibilidade e o encanto da súa vida diaria, a miúdo tinxida de humor aínda a pesar das penurias. Para facelo utiliza a técnica do desdobramento do eu lírico e pon o libro en boca dunha “mociña gaiteira” que quere cantar á súa terra e que, á súa vez, cede a palabra a diferentes personaxes do pobo que falan en cada poema. As formas poéticas, acordes con este propósito, seguen o esquema da glosa, de maneira que cada poema parte dunha estrofa popular que establece as pautas formais e de contido, e así mesmo a lingua, lonxe da estilización cultista, busca a naturalidade da fala e do rexistro coloquial. Deste xeito os diferentes temas que se tratan nos poemas, como o amor, a emigración ou a relixiosidade, están presentados desde a vivencia dos personaxes do pobo e os escasos poemas en que poderíamos identificar o eu poético coa voz da autora (“A gaita gallega”, “Como chove miudiño”) veñen demostrar esa estratexia xeral, pois a súa voz mestúrase coa dos demais, de xeito que ela só é un personaxe máis a falar nalgún poema. Se

a isto engadimos que a publicación de *Cantares* se adianta case dúas décadas ao momento cenital do Rexurdimento, pois só arredor de 1880 conflúen un grupo importante de publicacións especialmente significativas, parece lóxica a consagración da escritora como figura fundacional.

Pero se 1880 é un ano simbólico, en boa medida será tamén pola publicación do segundo libro galego de Rosalía de Castro, *Follas Novas*, no que se recollen moitos poemas xa publicados en xornais e revistas nos anos anteriores. Como di a autora no prólogo deste novo libro *“non era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado”*, así que este novo libro continúa na mesma loita pola defensa das xentes do pobo e dignificación de Galicia, pero ao mesmo tempo enfronta un novo reto que consiste en demostrar que a lingua galega non só serve para mostrar o universo popular. Por iso prefire agora as composicións persoais que introducen a introspección, a reflexión metafísica e os temas eternos da poesía: o amor, o paso do tempo, o desacougo existencial, a morte. Aquí aparece a Rosalía atormentada e dorida, desilusionada e escéptica ante a felicidade, que semella asumir con sinceridade o tópico literario da morte desexada:

*¿Por que, Dios piadoso,
por que chaman crime
ir en busca da morte que tarda,
cando a un esta vida
lle cansa e lle afixe?*

Pero tamén a poeta solidaria, que canta as “viúvas dos vivos” e denuncia a lacra da emigración masiva do seu tempo, a que aguza o senso crítico ante os problemas sociais e a rebelde de “A xusticia pola mán”. A desesperanza con que parece enfrontar a vida no plano íntimo persoal non lle impide mirar para o mundo que a rodea e non apaga a súa voz cando se trata de denunciar a inxustiza.

2.2. Eduardo Pondal (1835-1917)

O poeta de Ponteceso deuse a coñecer nos seus anos de estudante en Santiago como defensor dos ideais liberais democráticos, expresados no poema que compón para ler no famoso e polémico brindado do Banquete de Conxo. Dende entón evolucionou cara ao compromiso decidido coa construción dunha literatura galega e mesmo chegou a decidirse polo

galego como lingua literaria única. A súa obra galega iníciase coa publicación do poema longo *A campana de Anllóns* en 1866, que xa fora incluído na antoloxía do *Álbum de la Caridad*. O primeiro poemario extenso non aparece ata once anos máis tarde e recolle poemas en galego e castelán baixo o título *Rumores de los pinos* (1877), un conxunto de 21 poemas que serán o punto de partida para a elaboración do seu poemario galego, moito máis extenso, *Queixumes dos pinos* (1886). A publicación deste poemario complétase cun abundantísimo número de composicións dispersas en xornais e revistas, que foron recollidas nas sucesivas publicacións da súa obra nos últimos tempos.

A poesía de Pondal caracterízase pola procura dunha lingua literaria culta. O profundo coñecemento da cultura grecolatina que se atribúe ao poeta translócese no uso de cultismos e dunha sintaxe latinizada que dan un ton aristocratizante. Por outra banda os contidos artículanse arredor de dous eixes básicos: o celtismo e a influencia dos poemas ossiánicos de MacPherson por un lado, e o helenismo por outro. Pondal traslada á literatura a teoría das orixes celtas de Galicia que formularan os historiadores e apela a eses tempos primitivos de guerreiros indómitos para chamar os galegos a loitar por defender a súa dignidade seguindo o exemplo dos devanceiros. Identifica a figura do poeta coa do bardo celta e atribúelle a misión de interpretar a voz da natureza que transmite a memoria dos tempos antigos e, polo tanto, espertar os seus contemporáneos para que loiten pola liberdade como fixeran no pasado. Pero nun presente de conformismo e molície o bardo é un incomprendido, a pesar do cal o seu canto mantén un ton vaticinante, pois anuncia un futuro glorioso. Nesta poética de recreación primitivista domina unha moral e unha estética guerreira que valora positivamente a dureza e vigor, e a vizosa natureza que cantaba Rosalía substitúese por pasaxes agrestes e hostís. O helenismo vén reforzar esa ética castrense co modelo da arenga militar e a referencia a heroes, tanto clásicos coma modernos, que representan a capacidade de loita e de sacrificio.

A obra de Pondal complétase cun longo poema épico publicado postumamente: *Os Eoas* (2005). Con esta obra Pondal seguramente quería demostrar as posibilidades versificadoras do galego (Emilia Pardo Bazán escribira que ningunha lingua que non teña unha épica pode aspirar a ser lingua nacional) e ademais cubrir un baleiro da historia literaria galega, carente da épica culta propia do século XVI.

A escolla do poema “Os pinos” como letra do himno galego contribuíu a unha grande difusión da poética e o ideario de Pondal.

2.3. Manuel Curros Enríquez (1851-1908)

Aínda que é arredor de quince anos máis novo ca Rosalía e Pondal, Curros adoita ser considerado membro do mesmo grupo central representante do Rexurdimento porque a publicación da súa obra prodúcese tamén na década dos oitenta. O seu primeiro libro, *Aires da miña terra* (1880), recolle composicións moi anteriores, como o poema de mocidade titulado “Cántiga” e os tres poemas que lle valeran o premio nun certame poético en 1877: “A Virxe do Cristal”, “Unha voda en Einibó” e “O Gueiteiro de Penalta”, composicións de carácter costumista debido á temática esixida polo certame. Pero Curros é sobre todo un poeta cívico de fondas conviccións democráticas que entende a poesía como un medio para loitar pola xustiza social. El é o iniciador da literatura de protesta social en galego e nos seus poemas apenas deixa espazo para o intimismo, mentres que fai referencias concretas á realidade galega: o caciquismo, o poder do clero, o abuso dos escribáns, a miseria do pobo... O seu acendido anticlericalismo provocou unha denuncia do poemario que a piques estivo de levalo á cadea, pero o ataque á Igrexa culmina no seu segundo libro, *O divino sainete* (1888), unha alegoría versificada que relata a viaxe dun poeta a Roma, en compañía do mestre Francisco Añón, nun tren no que cada vagón representa un dos sete pecados capitais e onde viaxan algúns personaxes da época facilmente recoñecibles.

En 1894 emigrou a Cuba, onde dirixiu o xornal rexionalista *La Tierra Gallega*, publica poemas soltos en diferentes revistas e colabora na creación da Sociedade de Amigos da Real Academia Galega. A súa ideoloxía progresista tróuxolle inimizades entre os máis conservadores da colonia galega emigrante e, de feito, morre no hospital do Centro Asturiano.

2.4. Valentín Lamas Carvajal (1849-1906) e a prosa

Este ourensán contribúe ao Rexurdimento coa publicación de tres poemarios: *Espiñas, follas e frores* (1875), *Saudades gallegas* (1880), *A musa das aldeas* (1890). Pero sobre todo é no ámbito do xornalismo onde se sitúa a súa meirande achega, pois é o creador e editor dun xornal satírico integramente en galego de grande éxito popular, *O Tío Marcos da Portela*. Neste xornal publícanse as narracións que se recollen no libro *Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos da terriña* (1887) e os diálogos que aparecen en forma de libro en *O catecismo do labrego* (1889) que, seguindo a forma dos catecismos cristiáns, presenta un labrego que vai contestando preguntas con ton retranqueiro sobre a súa penosa vida. A pesar dos prexuízos sobre as excelencias do galego como idioma lírico,

este libro de prosa foi o máis vendido e difundido da súa época e amosa o éxito do ideal literario de Lamas, quen foxe da concepción elitista e aposta pola literatura de “intervención”, que se presta á difusión pola lectura en voz alta para un público amplo e apela á realidade dos seus destinatarios.

O Tío Marcos da Portela é a vía para a publicación tamén doutras obras en prosa que veñen sendo as primeiras do xénero, como os *Contos, lendas e tradicións de Galicia* (1891) de Heraclio Pérez Placer (1866-1926), aínda que cómpre ter en conta o antecedente da novela de Marcial Valladares, *Maxina ou a filla espúrea* (1980), se ben aquí o autor aínda cede ao criterio de verosimilitude e utiliza o castelán para os personaxes de clase alta. As narracións que máis abundan son os cadros costumistas que tentan relatar o mundo rural. Neste panorama destacan os relatos de Álvarez de Novoa en *Pé das Burgas* (1989), que intentan superar o tipismo e o ruralismo e buscan a elaboración dunha prosa culta. Nunha liña próxima poderíanse situar as novelas do cóengo historiador Antonio López Ferreiro (1837-1910), publicadas xa na década seguinte: *A tecedeira de Bonaval* (1894), *O castelo de Pambre* (1895), *O niño de pombas* (1905), que recrean feitos históricos situados nos séculos XVI, XIV e XII respectivamente.

2.5. Os inicios do teatro

Na década dos anos oitenta, coincidindo co Renacemento pleno, aparecen tamén os primeiros ensaios de teatro de autor en galego. A primeira obra conservada é *A fonte do xuramento* (1882) de Francisco María de la Iglesia (1827-97), un enredo amoroso de ton costumista. De 1884 data tamén o primeiro drama histórico: *Mari-Castaña: unha revolta popular* de Emilio Álvarez Jiménez (1830-1911), ao mesmo tempo que en Cuba se ensaiaba *A costureira da aldea* de Lluís Freire (non publicada ata 2005) e se inauguraba o xénero da zarzuela en galego con *¡Non máis emigración!* (1885) de Ramón Armada Teijeiro (1858-1920). Na seguinte década destaca o labor de Galo Salinas, autor de varias pezas e sobre todo impulsor da Escola Rexional de Declamación e da célebre *Revista Gallega*, na que durante doce anos publicaron as sinaturas máis destacadas do rexionalismo.